

ANUNCIO

O Alcalde o día 02-07-2024, ditou a resolución con número 442/2024 seguinte:

“

RESOLUCIÓN

ASUNTO: DETERMINACIÓN DO NÚMERO DE PRAZAS PARA O SERVIZO DE MADRUGADORES NOS CENTROS EDUCATIVOS DE PRIMARIA E SECUNDARIA DO CONCELLO DE MELIDE PARA O VINDEIRO CURSO 2024/2025.

EXPEDIENTE:2024/G003/000453

ANTECEDENTES:

De acordo co proxecto de regulamento do Servizo de Madrugadores a cargo do Concello de Melide nos centros públicos de educación infantil e primaria, publicado no boletín oficial da provincia da Coruña n.º 168 de 3 de Setembro de 2021.

Considerando o disposto no informe desta alcaldía de data 1 de xullo de 2024, polo que se propón a intención de seguir prestando o servizo de Madrugadores nos centros educativos de primaria e secundaria do Concello de Melide para o vindeiro curso 2024/2025 o cal se transcribe a continuación:

“José Manuel Pérez Penas como Alcalde do concello de Melide.

INFORMO:

- A intención de seguir prestando o servizo de Madrugadores nos centros educativos de primaria e secundaria do Concello de Melide para o vindeiro curso 2024/2025.
- O artigo 9 do regulamento do servizo de madrugadores a cargo do Concello de Melide nos centros Públicos de educación infantil e primaria di: “**a apertura do prazo ordinario para presentar solicitudes farase dende o 1 de xullo o 15 de xullo, previamente dítarase resolución da Alcaldía especificándose o número de prazas dispoñibles por centro que será obxecto de publicación no Taboleiro de Edictos, no paxina web e na sede electrónica do Concello**”.
- Que tras analizar a demanda deste curso nos diferentes centros educativos de Melide

considérase que o número de prazas dispoñibles para o vindeiro curso 2024/2025 debe ser o seguinte:

CEIP N°1 Melide: 30 prazas

CEIP A Martagona: 15 prazas

CEIP Mestre Pastor Barral: 15 prazas.”

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable,

RESOLVO:

1. Aprobar o número de prazas que se establecen no informe de esta alcaldía

- CEIP N°1 Melide : 30 prazas
- CEIP A Martagona : 15 prazas
- CEIP Mestre Pastor Barral : 15 prazas

2. Publicar dito acordo no Taboleiro de Edictos, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Melide

Ordeno e asino en Melide, martes 2 de xullo de 2024. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas.
Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria / María Cruz Andrade García.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Ordeno e asino en Melide, xoves 4 de xullo de 2024. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas